

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005233	IES Agra do Orzán	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión católica	1º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

## 1. Introducción

A presenza do ensino relixioso na escola responde, en primeiro lugar, á importancia que esta asignatura ten dentro da educación para que o alumno poida conseguir un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade. A necesidade de sentido do ser humano é unha evidencia á que a escola necesariamente debe dar resposta. A educación da dimensión relixiosa é parte fundamental para a maduración da persoa. Non podería existir unha formación integral e unha educación de calidade, si non se permitise o desenvolvemento de todas as dimensións inherentes ao ser humano, entre as cales atópase a relixiosa. Esta capacidade básica da persoa adquire o seu auténtico cumprimento cando se descobre o sentido da vida. O ensino da relixión católica nos centros escolares axudará aos estudantes a ensanchar os espazos da racionalidade e adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal fora a súa manifestación concreta.

O desenvolvemento do currículo se estrutura en catro grandes bloques que pretenden recoller o saber antropológico cristián acumulado ao longo dos séculos. Eses bloques parten do sentido relixioso do home, continúan co estudo da revelación; Deus maniféstase ao home e faino nunha historia concreta, con personaxes e situacións que o alumnado debe coñecer e que contribuirán á súa comprensión do mundo. Dita revelación culmina en Xesucristo e a mensaxe evanxélica, centro do terceiro bloque do currículo e eixe vertebrador da asignatura. Para rematar, estúdase a Igrexa como manifestación da presenza continuada de Xesucristo na historia. Convén subliñar, que lonxe dunha finalidade catequética ou de adoctrinamento, o ensino da relixión católica ilustra aos estudantes sobre a identidade do cristianismo e a vida cristiá

### CONTEXTUALIZACIÓN

O instituto está situado no concello de A Coruña na área metropolitana. No curso 2023-2024 ten un total de 560 alumnos matriculados na ESO, BAC e nos ciclos formativos superiores de Actividades físico - deportivas e no Ciclo de Animación.

O centro nótrese de alumnos que proveñen principalmente dos dous colexios do barrio. O nivel socioeconómico é medio baixo. Nos últimos anos, o número de inmigrantes no barrio multiplicouse. As nacionalidades máis presentes na zona é a latinoamericana (principalmente venezolanos, colombianos e dominicanos), africanos 20%.

A diversidade cultural no IES Agra do Orzán aumentou considerablemente nos últimos dez anos. No noso centro o número de inmigrantes xa supera o 30% do total dos matriculados.

O alumnado inmigrante adoita ter dificultades na aula, se a iso engadimos as propias da integración a unha cultura e un sistema educativo diferentes, moitas veces van asociadas tamén a carencias socioeconómicas das familias.

É competencia ineludible do centro educativo, que a primeira toma de contacto teña como finalidade a de integrar o antes posible o alumnado inmigrante, pero é a clase, os compañeiros de aula, os que van favorecer a súa integración social e afectiva.

O contexto plural no que se ensina no noso centro, obríganos a cambiar un pouco as pautas desa integración e xerar unha retroacción co noso alumnado non emigrante, para convertelo nun protagonista activo que demanda coñecementos cada vez maiores dos costumes, tradicións, gastronomía, etc., dos seus compañeiros inmigrantes.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos crave da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.	1-3			1-4	1-2-4-5		2-3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexa, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discerníndoos coas claves do «Reino de Deus», para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	. As miñas pertenzas	Todas as persoas necesitamos raíces, pertenzas, que contribúen a conformar a	12	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	. As miñas pertenzas	nosa identidade. Esta situación de aprendizaxe pretende que o alumno identifique, recoñeza e valore a súa propia rede de vínculos constitutivos.	12	5	X		
2	Atoparse e recoñecerse	Todas as persoas necesitan saberse significativas para alguén. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos comprenderán a importancia de relacións auténticas para ir conformando a identidade persoal.	12	4	X		
3	Ao encontro dos demais	Todas as persoas temos os mesmos dereitos e dignidade e una identidade propia, que para os cristiáns provén de ser creados por Deus. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán a igual dignidade todos os seres humanos e a responsabilidade do coidado da Casa común.	12	4	X		
4	Ritos e costumes	Todas as persoas e culturas temos una serie de ritos e costumes coa que expresamos a nosa identidade cultural. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán que, a pesar de a diversidade de ritos, pola súa forza simbólica, serven para expresar actitudes profundas cara a un mesmo, os demais ou Deus.	12	4		X	
5	Encontros que se narran	O ser humano comunícase, consigo mesmo e cos demais, a través da palabra. Da mesma maneira Deus comunícase co ser humano a través da natureza, no interior de cada ser humano e a través do texto bíblico. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán o valor da palabra, para o encontro cos demais e con Deus.	12	4		X	
6	A cultura, lugar de encontro	Todas as relacións que establecemos as persoas veñen determinadas pola mediación cultural. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán que as expresións artísticas e culturas son una posibilidade de encontro cun mesmo, cos outros e con Deus.	12	4		X	
7	O encontro con Xesús	Na biografía de cada persoa prodúcese encontros que nos impactan ou que nos transforman. Os encontros con Xesús tiñan esa capacidade. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán que os encontros con Xesús eran consecuencia da súa relación con Deus e como o seguimento cristián, tamén na actualidade fundaméntase no encontro con Xesús.	14	5			X
8	Unha Igrexa que sae ao encontro	Necesitamos do encontro cos outros para noso desenvolvemento persoal. A Igrexa, cumprindo	14	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Unha Igrexa que sae ao encontro	o mandato de Xesús, debe prestar máis atención ás persoas excluídas. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán, seguindo o exemplo de Xesús, a importancia de saír ao encontro das persoas necesitadas.	14	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	. As miñas pertenzas	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Descobre que Xesús participou en diferentes grupos e identifica aos membros do grupo dos Apóstolos.	PE	30
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Identifica os lugares asociados á vida e misión de Xesús, recoñece a presenza do relixioso en tempos de Jesús e seleccionar os datos biográficos que axudan a recoñecer a Xesús.		
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Relaciona o sentimento de pertenza co vínculo que establecemos cun grupo de persoas e a influencia na identidade persoal e reflexiona sobre a autoimaxe que ten de si.	TI	70
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Expresa a importancia do lugar de residencia na construción da identidade persoal e imaxina que contornos resultan máis humanizadores.		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Establece a relación entre experiencias vitais e a pregunta polo sentido.		
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Identifica a diversidade relixiosa e cultural presente no seu grupo-clase e considera a proporción de persoas que profesan una relixión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.

## Contidos

- Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa.
- Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión.
- A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos.
- Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e a posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso.
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios.
- As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias.
- Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.
- María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe.
- Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía.
- Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas.
- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.
- A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións.

UD	Título da UD	Duración
2	Atoparse e recoñecerse	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Comprende a importancia do respecto e de establecer normas para a mellora da convivencia e extrae conclusións sobre a ecodependencia do ser humano á luz da ecoloxía integral e do relato da Xénese	PE	30
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Relaciona o autoconcepto e a percepción que os outros teñen dun mesmo coa identidade persoal	TI	70
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Descobre, na tradición bíblica, a relación entre o nome propio coa vocación persoal e identifica o mandamento do amor como norma relacional cun mesmo e cos demais		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Recoñecer na iniciativa dun Deus que salgue ao encontro redentor a orixe da historia da salvación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa.</li> <li>- Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus.</li> <li>- Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión.</li> <li>- Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> <li>- As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias.</li> <li>- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Ao encontro dos demais	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Relaciona a dignidade, igual en todos os seres humanos, na creación a imaxe e semellanza de Deus	PE	30
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Identifica os lugares asociados á vida e misión de Xesús		
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Extrae conclusións, en diálogo coa ciencia, sobre importancia do coidado da natureza e coñece o maxisterio da Igrexa sobre a ecoloxía integral a partir da encíclica Laudato Si?	TI	70
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Valora a diversidade persoal, racial e cultural recoñecendo a igual dignidade de todos os seres humanos e comprende o alcance e significado antropolóxico, social e teolóxico dos encontros de Xesús		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Recoñece na fraternidad universal, que se segue da filiación divina, a razón eclesial pola que, a pesar da diversidade, todos pertencemos a unha familia común		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Descobre a importancia da oración e o coidado da interioridade na misión de Xesús		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Profunda, a partir da creación do ser humano, no diálogo ciencia-fe		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus.</li> <li>- Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión.</li> <li>- Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal.</li> <li>- A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos.</li> <li>- Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> <li>- A Biblia, Palavra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios.</li> <li>- As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias.</li> <li>- Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.</li> <li>- A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais.</li> <li>- María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe.</li> <li>- A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica.</li> <li>- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.</li> <li>- Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas.</li> <li>- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Ritos e costumes	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Sabe o significado dalgúns ritos e oracións propias do cristianismo e coñece os símbolos dos sacramentos a súa orixe e o significados bíblicos dalgúns xestos	PE	30
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Relaciona o modo de vida dos monxes coa experiencia espiritual que o sustenta e identifica o sentido cristián da oración	TI	70
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Coñece os diferentes tipos de ritos, comúns ás relixións, e exemplos de celebracións de diferentes confesións		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Descobre o comportamento de Xesús respecto das normas e ritos do pobo de Israel.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos.</li> <li>- Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e a posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> <li>- A Biblia, Palavra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios.</li> <li>- Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.</li> <li>- María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe.</li> <li>- Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía.</li> <li>- Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.</li> <li>- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.</li> <li>- Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas.</li> <li>- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Encontros que se narran	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Analiza como o encontro persoal con Jesús transforma ás persoas	PE	30
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Relaciona as narracións, orais e escritas, nos seus xéneros literarios, como transmisoras da identidade, cultura e cosmovisión relixiosa entre persoas e xeracións		
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Entende a posibilidade da relación e a comunicación con Deus como dimensión fundamental no ser humano	TI	70
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Comprende a importancia da comunicación e a escoita para o desenvolvemento personal e descubre como a tradición bíblica e o Maxisterio de Igrexa comprenden a natureza como manifestación de Deus		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Comprende o sentimento relixioso que suscita a contemplación da natureza		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece a Biblia, como expresión da comunicación e relación de Deus co pobo de Israel e o ser humano e identifica a *Xesucristo como a comunicación definitiva de Deus		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Profunda, á mantenta do coidado da natureza, no diálogo ciencia-fe		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.
- Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa.
- Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión.</li> <li>- Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal.</li> <li>- A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos.</li> <li>- Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> <li>- A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios.</li> <li>- Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.</li> <li>- María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe.</li> <li>- A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica.</li> <li>- Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía.</li> <li>- Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	A cultura, lugar de encontro	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Recoñece os elementos cristiás presentes na nosa cultura, a súa orixe e significado e comprende o significado dos símbolos e a experiencia relixiosa que os xerou e que transmiten	PE	30
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Comprende a cultura como portadora de identidades e sentido tomando conciencia do carácter universal da mensaxe cristiá e a súa capacidade de inculturarse en diferentes sociedades	TI	70
